ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO (1 para 1)
ALCALDE E CONCELLEIRO DE URBANISMO, PATRIMONIO, TURISMO, SEGURIDADE E MOBILIDADE
Data de Sinatura: 02/12/2025
HASH: 8446c83cc8ac34dfea011e637efbbb6d

EXPEDIENTE 3048/2025

BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DA GUARDA EXERCICIO 2025

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións municipais por concorrencia competitiva, respectando os principios de publicidade, libre concorrencia e igualdade, para a realización de actividades de utilidade pública e de interese social, para a promoción e consecución de fins de interese público de competencia local e para a axuda ou promoción en determinados ámbitos de interese cultural, en concreto:

• Ó fomento dos valores culturais do noso concello e á ampliación da oferta cultural municipal.

• Ó fomento da formación, da lectura, do baile, das actividades musicais e teatrais e de calquera outra actividade relacionada coa formación e coa expresión artística ou semellantes.

• O fomento do folclore, das artes tradicionais, a preservación e divulgación do patrimonio e a historia do municipio e actividades semellantes.

• A actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural e formativo en todas as súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, patrimonio, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas e semellantes.

Período subvencionable : As actividades subvencionadas deberán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025

2.- MARCO NORMATIVO.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello da Guarda (BOP nº 204 de 22 de outubro de 2021).

3. BENEFICIARIOS.

Poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións obxecto das presentes bases as asociacións, persoas físicas ou xurídicas que tramiten a

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14

correspondente solicitude de acordo co disposto nas presentes bases e na ordenanza reguladora e cumpran coas condicións e requisitos seguintes:

• Que carezan de fins de lucro.

• Que teñan o seu domicilio fiscal ou delegación no Concello da Guarda, no caso das persoas xurídicas, ou que estean empadroados no Concello da Guarda, no caso das persoas físicas.

• Que realicen actividades de interese municipal e que os proxectos ou as actividades se realicen no termo municipal da Guarda ou fóra deste, no caso que se considere de interese para a proxección exterior da localidade ou ben pola natureza da actividade.

• Que as entidades ou asociacións se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Guarda.

• Que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello da Guarda

• Que estean ó corrente das obrigas tributarias.

4. FINANCIAMENTO. CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

O importe total desta liña de subvencións será de 8.900 €, como figura no Plan estratéxico de Subvencións 2025-2027.

Se acorda a tramitación anticipada posto que o abono das mesmas terá lugar no seguinte exercicio, sometida a condición suspensiva de existencia de crédito no seguinte exercicio orzamentario.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou de outros Entes Públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. En ningún caso o custo dos bens ou actividades subvencionados, poderá ser superior ó valor de mercado.

A contía da subvención non poderá exceder, en ningún caso, do custe da actividade á que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos coma privados, así como as achegas dos participantes nas actividades.

O **importe máximo a percibir** por cada entidade ou destinatario será de **1500 euros.**

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. FORMA DE PRESENTACIÓN.

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 14

As entidades e persoas interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes poderán presentarse:

De xeito presencial. (unicamente persoas físicas) As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no modelo oficial, acompañada da documentación esixida e debidamente cuberta e asinada, no Rexistro Xeral do Concello da Guarda ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De xeito telemático*:* as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude por medios telemáticos a través da sede electrónica do Concello da Guarda (www.aguarda.sedelectronica.gal.)

Se os solicitantes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsanen as deficiencias en quince días hábiles, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados, achegando ademais a seguinte documentación:

a).- Solicitude segundo o modelo oficial, debidamente cuberto.(**Anexo I)**

b).-Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa física solicitante da subvención.

c).- NIF da persoa xurídica, e DNI e acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presente a solicitude no caso de non ser a mesma.

d).- Certificado de Situación Censual (domicilio fiscal) para persoas xurídicas.e) - Declaración responsable **(Anexo II)**

f)- Declaración de outras axudas (**Anexo III)**

g) MEMORIA inicial da actividade concreta que se pretende realizar, especificando en todo caso a denominación da actividade, descrición da actividade, persoas ou colectivos aos que vai dirixida a actividade, o lugar de realización, as datas previstas para o seu desenvolvemento, número total de horas de realización da actividade, os obxectivos e o número previsto de asistentes/ beneficiarios. (**Anexo IV).**

h) ORZAMENTO inicial da actividade a subvencionar, cos datos sinalados no **Anexo V.**

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 14

A información, descarga de instancias e tramitación electrónica da presente convocatoria está dispoñible na páxina oficial da Sede Electrónica do Concello da Guarda.(www.aguarda.sedelectronica.gal.)

7.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN.

Os criterios para a concesión das axudas serán os seguintes:

A) A aportación da actividade, o programa ou o proxecto para a promoción e o fomento da cultura.

B) O interese e a motivación da actividade, o programa e o proxecto para o barrio e o municipio.

C) O nivel de autofinanciamento.

D) O número ou colectivo de persoas que participan na actividade, así como as facilidades que incorpore para o libre acceso de todas as persoas da Guarda.

E) O interese en manter unha tradición arraigada na nosa localidade e que conteña valores a preservar no futuro.

F) O estímulo de propostas novas ou experimentais e que fomenten a participación e a creatividade no ámbito da cultura.

G) O carácter innovadorda actividade proposta.

H) Uso e fomento da lingua galega.

Cada un destes criterios puntuará ata un máximo de 10 puntos sen que a puntuación total poda acadar máis dos 80 puntos.

Criterios de desempate:

En caso de empate de puntuacións, se dará preferencia ás solicitudes pola seguinte orde:

-Aquelas que obtiveran maior puntuación no apartado A.

- De persistir o empate,asociacións que non perciban subvención nominativa con cargo ao orzamento do Concello da Guarda.

- De persistir o empate, se utilizará o criterio da orde de presentación no Rexistro de Entrada municipal da documentación completa pola persoa solicitante.

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 14

8.—XUSTIFICACIÓN.

Os beneficiarios da subvención do Concello da Guarda deberán xustificar a execución das actividades para as que solicitaron a subvención, **sendo o último día para presentar a xustificación o 30 de abril de 2026.**

No caso de que se xustifique un gasto inferior ó orzamento inicial das actividades presentado coa solicitude, se poderá revisar a axuda concedida, tendo en conta as actividades realmente realizadas.

Deberase acompañar a seguinte **documentación:**

1.- Solicitude de pagamento (**Anexo VI**)

2. -Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei xeral de subvencións e declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas (Anexo II), se cambiase algún dos datos do anexo.

3.- Declaración responsable do cumprimento da finalidade obxecto da subvención(**Anexo VII**).

4. -Memoria final detallada das actividades efectivamente realizadas no exercicio a subvencionar. Incluirá valoración dos resultados obtidos. Incluirá a cifra total de gasto e no seu caso de ingreso da actividade. Incluirá xustificación das medidas de difusión do financiamento da actividade por parte do concello.

5. -Memoria económica que inclúa resumo detallado do 100% de ingresos e gastos efectuados na realización das actividades subvencionables durante o exercicio.

6 -As facturas ou outros documentos acreditativos do gasto efectuado (nómina, cotas á Seguridade Social e demais documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa correspondente) por importe igual ou superior ao do importe da subvención concedida.

7. -Documento acreditativo do pago de ditos gastos deberá ser transferencia bancaria se é de 150 euros ou máis. **O pago deberá realizarse dentro do período subvencionable e non se terán en conta os gastos non aboados dentro dese período.**

8. -Declaración/acreditación sobre a imposibilidade de recuperación ou compensación do IVE soportado que se presente como gasto subvencionable.

9. -Certificado bancario da titularidade da conta bancaria para realizar o pago.

O informe de non ter débedas pendentes co Concello da Guarda se aportará de oficio polo Concello.

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 14

De non se presentar a xustificación dentro do prazo establecido nas bases específicas, entenderase que se desiste da petición realizada. Así mesmo, se se estimase que a xustificación presentada é insuficiente, o concello requirirá ao solicitante para que, no prazo de 10 días naturais, proceda a emendar os defectos apreciados. O feito de que transcorra este prazo sen que se produza a emenda requirida ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia, a falta de pagamento da mesma.

A Alcaldía

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS NO CONCELLO DA GUARDA ACTIVIDADES CULTURAIS.			
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
DNI: **CIF:**	**NOME:** **RAZÓN SOCIAL:**		
DOMICILIO		**LOCALIDADE**	**C.P.**
TELÉFONO	**e-mail**	**Nº CONTA COTIZACIÓN S.S.**	
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL OU APODERADO/A			
NOME A APELIDOS		**TELÉFONO**	**e-mail**
PERSOA DE CONTACTO PARA ACLARACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE			
NOME A APELIDOS		**TELÉFONO**	**e-mail**

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non cubrir se e o mesmo do solicitante)		
DOMICILIO	**LOCALIDADE**	**CP**
DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE		

- ☐ **DNI da persoa solicitante.**
- ☐ **CIF da entidade.**
- ☐ **DNI do representante (no seu caso).**
- ☐ **Poder do representante e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma persoa.**
- ☐ **Certificado de Situación Censual.**
- ☐ **Memoria inicial.**
- ☐ **Orzamento inicial.**

A persoa abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o concello da Guarda, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados.

No nome da entidade solicitante e como representante da mesma, acepto a subvención no caso de ser concedida e nos términos nos que se me conceda.

A Guarda, ... de ..... de 202….

(Sinatura do solicitante)

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:
tendo solicitado ao Concello da Guarda participar na convocatoria de **axudas a actividades culturais**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

a).- Que non teño pendente a xustificación ningunha subvención recibida do Concello da Guarda.

b).- Que nin a persoa física solicitante nin, no seu caso, os representantes legais da persoa xurídica solicitante, se atopan en ningún dos supostos de exclusión para a obtención de axudas públicas á que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

c).- Que a persoa física ou xurídica solicitante atopase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o previsto nos artigos 18 e 19 do Regulamento de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.

d).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello da Guarda.

e).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 21 do citado Regulamento.

f) Que a persoa xurídica solicitante está inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello da Guarda.

A Guarda, ... de ..... de 20……..

(Sinatura do declarante)

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14

ANEXO III

DECLARACIÓN DE OUTRAS AXUDAS

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello da Guarda participar na convocatoria de **axudas a actividades culturais**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que en relación a outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

☐ Solicitou e/ou se lle concedeu outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

A Guarda, …….de …….. de 20…….

(Sinatura do declarante)

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14

ANEXO IV

MEMORIA INICIAL DA ACTIVIDADE

-Denominación da actividade:

-Descrición da actividade:

-Persoas ou colectivos aos que vai dirixida a actividade:

-Lugar de realización:

-Datas previstas de desenvolvemento da actividade:

-Número total de horas de realización da actividade:

-Obxectivos da actividade:

-Número de asistentes/ beneficiarios previsto:

A Guarda, ... de ..... de 20……..

(Sinatura do declarante)

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14

ANEXO V

ORZAMENTO

-Custo previsto da actividade (con desglose dos gastos mais importantes):

-Contribución que ten previsto achegar a entidade:

-Achega que se prevé recadar dos participantes da actividade:

-Subvención que se solicita ao Concello:

-Subvencións solicitadas a outras administracións (indicar administración e importe:

-Achegas previstas doutras entidades:

-Observacións:

A Guarda, ... de ..... de 20……..

(Sinatura do declarante)

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 14

AGUARDA
CONCELLO

ANEXO VI
SOLICITUDE PAGAMENTO

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo concedida subvención polo Concello da Guarda na convocatoria de **axudas a actividades culturais**

SOLICITO o pagamento da mesma.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE

☐ Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei xeral de subvencións e declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas (Anexo II), se cambiase algún dos datos do anexo.

☐ Declaración responsable do cumprimento da finalidade obxecto da subvención (Anexo VII).

☐ Memoria final detallada das actividades efectivamente realizadas no exercicio a subvencionar. Incluirá valoración dos resultados obtidos. Incluirá a cifra total de gasto e no seu caso de ingreso da actividade. Incluirá xustificación das medidas de difusión do financiamento da actividade por parte do concello.

☐ Memoria económica que inclúa resumo detallado do 100% de ingresos e gastos efectuados na realización das actividades subvencionables durante o exercicio.

☐ As facturas ou outros documentos acreditativos do gasto efectuado (nómina, cotas á Seguridade Social e demais documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa correspondente) por importe igual ou superior ao do importe da subvención concedida.

☐ Documento acreditativo do pago de ditos gastos deberá ser transferencia bancaria se é de 150 euros ou máis.

☐ Declaración/acreditación sobre a imposibilidade de recuperación ou compensación do IVE soportado que se presente como gasto subvencionable.

☐ Certificado bancario da titularidade da conta bancaria para realizar o pago.

A Guarda, ... de ..... de 20……

(Sinatura do solicitante)

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14

ANEXO VII

DECLARACIÓN CUMPRIMENTO FINALIDADE

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:
tendo concedida subvención do Concello da Guarda para a realización da actividade **……**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a subvención foi destinada ao fin para a que foi concedida.

Denominación actividade subvencionada:……..

Importe da subvención concedida: …….

Importe total da actividade:…….

A Guarda, ... de ..... de 20……..

(Sinatura do declarante)

A Alcaldía

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 14

AGUARDA
CONCELLO

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Praza do Reló, 5. 36780 A Guarda (Pontevedra)
Tel.: 986 610 000 | E - mail: aguarda@aguarda.es
www.aguarda.es

Cod. Validación: 66XH7925QZ77QKGK35P2PAD94
Corrección: https://aguarda.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14